



FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Somos o que
LEMOS
Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

ERNESTO PÉREZ ZÚÑIGA

Xoves, 21 de marzo, ás 20.00h.

Salón de actos da Fundación Luis Seoane

Ernesto Pérez Zúñiga naceu en 1971 en Madrid, onde vive actualmente. É licenciado en Filoloxía Española pola Universidade de Granada, cidade na que creceu e na que realizou os seus estudos desde a infancia.

Como narrador é autor de novelas como **Santo Diablo** (Kailas, 2004), **Puzzle**, (2005), **El juego del mono** (Alianza Editorial, 2011), **La fuga del maestro Tartini** (Alianza Editorial, 2013), pola que gañou a XXIV edición do Premio de Novela Torrente Ballester e **No cantaremos en tierra de extraños** (Galaxia Gutenberg, 2016). Entre os seus libros de poemas destacan **Calles para un pez luna** (Visor, 2002), polo que recibiu o Premio de Arte Joven da Comunidade de Madrid, **Cuadernos del hábito oscuro** (Candaya, 2007) e **Siete caminos para Beatriz** (Vandalia, Fundación Lara, 2014).

É colaborador en El País, Cuadernos Hispanoamericanos e Zenda, entre outros medios. A crítica destacou a calidade do seu traballo, así como a consolidación dunha voz propia dentro do panorama da literatura actual española. **Escarcha** é o seu segundo libro en Galaxia Gutenberg.

ESCARCHA (Galaxia Gutenberg, 2018)

Escrita con tanta intensidade como armonía, **Escarcha** é unha novela xeracional, a novela crucial na obra de Ernesto Pérez Zúñiga. Un retrato entregado e extraordinariamente sensible da aprendizaxe da vida e da viaxe da alma humana, desde a orfandade ata a reconciliación consigo mesma. Está dividida en sete partes ou tempadas, cada unha delas composta de sete capítulos. Á semellanza das series de televisión, cada capítulo céntrase nun episodio concreto dunha turbadora trama global que irá atrapando ao lector pouco a pouco.

(Fonte: Galaxia Gutenberg)

ENTRADA GRATIS ATA COMPLETAR AFORO